



XUNTA DE GALICIA

I. E. S. AQUIS CELENIS

36650 CALDAS DE REIS

☎ 986 54 03 58 - FAX 986 54 10 17

ies.aquis.celenis@edu.xunta.es

**ALCALDÍA DO ILMO. CONCELLO DE
CALDAS DE REIS**

r/ Ferrería, 1

36650

Caldas de Reis

Sr. Alcalde do Concello de Caldas de Reis:

O Claustro e o Consello Escolar do IES Aquis Celenis en xuntanzas celebradas o día 28 de setembro de 2011, tras a reunión mantida con vostede nese Concello polo director do Instituto e a presidenta da ANPA, na que se lles comunicou a decisión do equipo de goberno municipal de manter como definitivo o peche á circulación da Carballeira, desexa manifestar a súa oposición a esta medida polos seguintes motivos:

O alumnado de Secundaria non ten acompañantes nos vehículos de transporte escolar, polo que a opción de mover a parada dos autobuses á dársena existente na rúa José Salgado implica que o noso estudiantado deba subir e baixar dos buses nunha estrada nacional cunha elevada densidade de tráfico. Isto preocúpanos como Centro e, segundo teñen manifestado, tamén é motivo de preocupación para as familias do alumnado. A propia Policía Local fíxonos chegar a súa opinión negativa sobre esta solución. Ao tempo, cómpre indicar que a distancia desde a parada ao Instituto é duns 300 metros, sen que se poda ver ao alumnado até a súa chegada ao IES.

O acceso que se propón para os vehículos particulares é a pista de acceso a Segade, un camiño veciñal que non reúne as condicións mínimas para ofrecer unha circulación segura nin fluída. O largo da pista non permite o cruzamento de dous coches (como se ten visto en numerosas ocasións durante estes nove meses); o mantemento da propia pista (a pesar da promesa feita polo Concello en xaneiro de amañala) é deplorable, non está asfaltada na súa totalidade e presenta varias zonas onde se acumula a lama cando chove; as entradas e saídas á estrada de Cuntis realízanse nunha zona que non presenta as mínimas condicións de seguridade; nun tramo da pista debe realizarse un xiro de 180 graos que implica varias manobras nun lugar cun desnivel bastante pronunciado e que non se pode facer se hai un coche aparcado; ...

Cómpre que teñamos en conta que ao noso Centro accede moito alumnado en vehículo particular (alumnado doutros concellos que estuda neste Instituto ten que ser traído pola súa familia ou, no caso do Bacharelato, teñen que vir conducindo o seu propio vehículo, por non haber transporte regular desde os seus domicilios). Isto implica que nas horas de entrada e saída do IES teñan que cruzarse na pista moitos vehículos (profesorado que entra, familiares que saen, vehículos de transporte de mercadorías que abastecen á cafetería,...).

Aparte do xa exposto, este Claustro tamén quere realizar as seguintes matizacións:

Desde o ano de apertura do Instituto o acceso ao mesmo realizouse sempre a través da Carballeira, polo que supoñemos que no momento de ceder os terreos para a construción do Centro o Concello de Caldas ofreceu como vía de entrada a carballeira da vila.

A comunicación do Concello co Instituto de cara a tomar unha decisión sobre a Carballeira foi nula, en ningún momento se consultou a nosa opinión sobre o tema nin se tiveron en conta as nosas necesidades. Na antes citada reunión o que se nos comunicou foi unha decisión pechada do equipo de goberno municipal, sen posibilidades de negociación.

Cando se tiveron noticias das obras na Carballeira por parte da empresa que as realizaba (non do Concello), en todo momento se nos asegurou que era unha situación provisional e que se volvería á situación anterior logo das obras xa que o único cambio era a prohibición de aparcamento na Carballeira. De aí a nosa sorpresa cando se nos comunicou a decisión tomada e a sensación de engano que non podemos por menos de manifestar.

Queremos tamén indicar que, contra o manifestado desde a alcaldía, a nosa petición non corresponde a ningún capricho; podemos non compartir argumentos pero en todo momento pensamos que a solución adoptada polo Concello e a proposta polo noso Claustro responden a necesidades e circunstancias meditadas. A discrepancia non leva pola nosa parte á descalificación.

O Instituto (único centro de Bacharelato na zona) debe formar parte da vida desta vila e pensamos que merece uns accesos dignos; a proposta que se nos fai de utilizar a pista de Segade supón unha vergonza para o Centro e para a propia vila, presentando unha imaxe deplorable que Caldas non se merece. Por outra parte, logo de nove meses solicitando a reparación da pista, non podemos confiar en que o Concello a leve a cabo nestes momentos. En todo caso, se nalgún momento a pista se repara, asfalta e anchea, o Claustro estudaría esa opción.

Queremos tamén indicar que o IES Aquis Celenis mostrou en todo momento a súa disposición a colaborar coas obras; entendemos que a Carballeira é un valor para a vila e ademais forma parte da actividade do instituto xa que nela se realizan aulas de educación física, ciencias naturais, xeografía, ... Partindo desa idea, aceptamos as incomodidades e problemas que supuxo esta situación “transitoria” pero na nosa defensa da calidade e dignidade da educación e do dereito do alumnado a uns accesos viables e seguros non podemos aceptar esta decisión municipal.

Atentamente,

Caldas de Reis, 29 de setembro de 2011

O DIRECTOR,

Asdo: Xosé M. Candal González